

SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-4] IGAEM
- [4-5] Centro Dramático Galego
- [5] Centro Coreográfico Galego
- [6] Escola de Altos Estudos Musicais
- [6] Novidades editoriais
- [7-9] AXENDA
- [10] ALERTA!
- [11-12] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

O CENTRO COREOGRÁFICO CONSOLÍDASE COMO REFERENTE DA DANZA EN GALIZA

ROBERTO OLIVÁN, MERCEDES PEÓN, DANIEL ABREU,
PAULO RIBEIRO E NOVA GALEGA DE DANZA SON
ALGÚNS DOS IMPLICADOS NOS PROXECTOS DA
TEMPORADA 2007-2008

A FORMACIÓN PARA PÚBLICOS, AXENTES CULTURAIS
E PROFESIONAIS SERÁ TRANSVERSAL AO CONXUNTO
DA PROGRAMACIÓN, CUNHA ESPECIAL ATENCIÓN
AOS ESCOLARES

O Centro Coreográfico Galego (CCG) deseñou un intenso programa de creación, produción, investigación e formación para a temporada 2007-2008 co que quere potenciar o seu labor a prol do desenvolvemento da danza e consolidarse como referente para o sector, tras un primeiro ano de actividade no que se sentaron as bases do seu funcionamento como unidade coreográfica da Consellaría de Cultura. Durante este segundo período, o CCG estreará unha produción e tres coproducións, ademais de desenvolver un plano formativo transversal ao resto da programación e dirixido tanto aos profesionais e axentes culturais como a públicos de diferentes idades.

[continúa na pantalla seguinte]



[vén da pantalla anterior]

Roberto Oliván, Mercedes Peón, Daniel Abreu, Paulo Ribeiro e Nova Galega de Danza son algúns dos recoñecidos artistas e compañías que achegarán a súa experiencia e creatividade aos novos proxectos do Centro, que tamén ampliará o seu apoio á investigación a través do programa de residencias artísticas.

No epicentro da temporada presentárase a nova produción do CCG, *Kiosco das almas perdidas*, dirixida polo coreógrafo catalán Roberto Oliván e con música da galega Mercedes Peón. Tras unha residencia técnica en Laboral Escena (Xixón), a peza estrearase o 29 de febreiro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e iniciará despois unha xira que inclúe a súa presentación no Teatro Central de Sevilla, espazo referente para a programación das compañías internacionais de danza.

Arredor desta produción –a segunda do Centro Coreográfico Galego trala posta en escena de *Vacuo* durante o primeiro semestre deste ano– desenvolverase unha intensa actividade formativa, que contempla a celebración de aulas abertas cos bailaríns, así como de obradoiros para o público xeral en cada un dos lugares onde a peza sexa representada (en colaboración coa Asociación de Profesionais da Danza Escénica Galega) e de talleres dirixidos a diferentes colectivos e a profesionais da danza que impartirán os membros do equipo artístico.

TRES COPRODUCCIÓNS

Este programa de actividades, que se estenderá até xuño de 2008, inclúe a coprodución doutras tres pezas coreo-

gráficas: *Negro*, montaxe para a que o coreógrafo canario Daniel Abreu conta cun equipo galego formado por tres bailaríns e unha fotógrafa; *Tradición*, espectáculo no que a compañía coruñesa Nova Galega de Danza volverá indagar nas raíces da nosa cultura na procura da contemporaneidade; e *Feminine*, creación do portugués Paulo Ribeiro, último coreógrafo da Fundación Gulbenkian.

Ademais da contribución económica, o Centro Coreográfico Galego acompaña os espectáculos no proceso de reprodución, planificación e creación, apoiando cada proxecto segundo as súas necesidades.

Ao tempo, o CCG dará un novo pulo á súa función formativa coa organización de numerosos talleres por toda Galiza, en colaboración con conservatorios, escolas de danza, asociacións profesionais, salas privadas, etc. Este plano formativo estará dirixido tanto ao público xeral como aos mediadores culturais (profesores, programadores, animadores culturais ou familias con persoas con necesidades educativas especiais) e aos profesionais da danza.

LABOR DIDÁCTICA

O Centro prestará unha especial atención aos escolares de diferentes idades, achegándolles a danza a través de unidades didácticas coreográficas e musicais que impartirá o persoal do CCG, ademais dun concerto didáctico sobre música tradicional galega. Canto ao calendario dirixido aos mediadores culturais, celebrarase un *Taller do espectador* a cargo de Mehdi Idir, Toni Jodar explicará *A danza en*



50' e o centro O Pelouro traballará o desenvolvemento saudábel e terapéutico a través da psicodanza. Pola súa banda, os profesionais galegos da danza poderán asistir aos cursos que impartirán profesionais de recoñecida traxectoria internacional como Paulo Ribeiro, Christiane Marchant, Àngels Margarit, Ester Carrasco ou Lipi Hernández.

Tamén nesta nova temporada, o CCG intensificará o seu programa de artistas en residencia, mediante o que promove a investigación, a experimentación e a creación tanto no ámbito da danza como doutras disciplinas que traballan coas artes do movemento como referencia. Apoiaranse un total de oito proxectos, que contarán cunha dotación económica de entre 1.000 e 3.000 euros, un espazo de traballo durante cinco semanas e a posibilidade de representación da proposta resultante,

entre outros servizos. Actualmente, este espazo está ocupado polos artistas galegos Henrique Peón, Mercé de Rande e Uxía P. Vaello.

Así mesmo, o Centro Coreográfico Galego coedita co Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) a colección *Bitácora*, na que se recollen bosqueños, notas e outros documentos relacionados co proceso de creación e produción das súas pezas coreográficas.

Para todas as súas actividades, sexan de produción ou de formación, o CCG conta coa colaboración de diferentes espazos, colectivos, eventos e institucións, como a Sala Galán de Compostela, os conservatorios de danza galegos, os INEF de Pontevedra e da Coruña, a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), o Certame Coreográfico de Madrid, o Mercat de les Flors de Barcelona, e os concellos da Coruña e de Oleiros, entre outros.

23 MAGOS E 50 CONCELLOS PARTICIPAN NO NADAL MÁXICO 2007

O Circuito Galego da Maxia “Nadal Máxico 2007” celebra este ano a súa segunda edición con 50 funcións noutros tantos concellos galegos, que acollerán distintos espectáculos nos que participan 23 magos. A Consellaría de Cultura, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e do IGAEM, colabora coa Asociación de Magos Profesionais de Galicia na organización deste programa, que se concentra na súa meirande parte ao longo do mes de decembro.

Trala positiva acollida da anterior edición deste primeiro monográfico dedicado á maxia en Galiza, este ano amplíase de 40 a 50 o número de concellos participantes no circuito, que foi creado co obxectivo de promover este xénero escénico mediante o acceso do público dos diferentes municipios ao traballo que realizan os magos galegos, así como ás diferentes técnicas que abranguen as súas exhibicións: maxia de preto, unipersoal, escapismo, mentalismo, ilusionismo e artes afíns (ventriloquía, faquirismo...), entre outras.

A Asociación de Magos Profesionais encárgase da produción dos diferentes espectáculos, cambiantes segundo as datas e as localidades, e dotados de recursos escénicos propios. En cada un deles, cunha duración aproximada dunha hora e media, actúan consecutivamente entre catro e cinco magos.

Cyrille Sinclair, Dani García, Javier Muro, Mago Benxamín, Mago Cali, Kiko Pastur, Mago Marttyn, Mago Nor-



Alguns dos magos galegos

berto, Mago Pablo, Mago Rafa, Mago Richard, Mago Teto, Mago Vituco, Mago Xacobe, Magomino Anyo, Martín Camiña, O Mago Antón, Pedro Volta, Román García, Mago Romarís, Cayetano Lledó, Luís García e Luís Manuel son os 23 profesionais que configuran a carteleira xeral desta segunda edición.

Na provincia da Coruña son 22 as localidades que integran este circuito (A Coruña, Ames, As Pontes, Arzúa, Betanzos, Boiro, Brión, Carballo, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugar dos, Narón, Negreira, O Pino, Porto do Son, Ribeira, Sada, San Sadurniño, Santiago de Compostela e Teo), 9 en Lugo (Burela, Castro de Rei, Chantada, Lugo, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba, Viveiro e Xove), 4 en Ourense (Allariz, Manzaneda, O Barco de Valdeorras e Ourense) e 15 en Pontevedra (Arbo, Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Mos, O Porriño, Pontevedra,

Redondela, Sanxenxo, Soutomaior, Tomiño, Vigo, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa).

AXUDAS A 7 EMPRESAS DO SECTOR

Tamén como acción que favorece o fornecemento empresarial do sector, o IGAEM vén de resolver a convocatoria de axudas ás persoas físicas e xurídicas que teñen como actividade habitual a produción e distribución mercantil de espectáculos de maxia, para o que este ano se destinou un orzamento global de 60.000 euros.

Os beneficiarios resultaron ser sete empresas, que se corresponden cos nomes artísticos de Magomimo Anyo (9.945,60 €), Magia a la carta (8.942,50 €), O Mago Antón (10.000 €), Mago Rey Midas (10.000 €), Dani García (7.805,77 €), O Mago Teto (10.000 €) e Benjamín Fernández (3.000 €).

As contías han de destinarse a adquisición de aparellos de maxia ou aparellos de específica e insubstituíble necesidade para a creación de momentos máxicos, equipamento escénico (luz, son e escenografía) ou vehículos industriais.

GALIZA CELEBRARÁ EN 2008 MÁIS DE 600 CONCERTOS DA REDE DE MÚSICA AO VIVO

A Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) ten programados para todo o 2008 un total de 603 concertos a cargo de 84 grupos e solistas de diferentes estilos nas 47 salas de toda Galiza (13 na Coruña, 6 en Lugo, 5 en Ourense e 23 en Pontevedra) que forman parte deste circuito promovido pola Consellaría de Cultura e Deporte a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) e a asociación Cluatura.

O mes de marzo será o que concentre un maior número de recitais, xa que son 95 as citas previstas dentro deste programa. En xaneiro haberá 68 concertos, 82 en febreiro, 90 en abril, 82 en maio, 50 en xuño, 23 en setembro, 56 en outubro, 34 en novembro e 23 en decembro de 2008.

A RGMV consolida con esta elevada actividade –que se desenvolverá nos períodos de xaneiro a xuño e de setembro a decembro– un circuito estábel de distribución musical e unha plataforma de promoción para os intérpretes e contribúe a optimizar a súa presenza en toda Galiza.

Esta programación foi configurada a partir das 486 preinscricións recibidas de grupos e solistas de todos os estilos musicais, que van dende o rock, pop e folk até a música electrónica, o jazz e a canción de autor, entre outros. Cada sala participante presenta un mínimo de 8 grupos na súa programación, na que cando menos un 75% corresponde a formacións galegas. Así mesmo, cada grupo ou solista finalmente contratado ofrece un mínimo de 6 concertos anuais.

A RGMV representa a materialización dunha liña de actuación longamente demandada polos diferentes tipos de recintos que ofrecen música en directo para aforo reducido en Galiza e coa que se dota, ao mesmo tempo, dunha estrutura de distribución sistematizada ao sector musical, á que poden acceder tanto formacións emerxentes como outras máis consagradas.



Dios Ke Te Crew

CELEBRADA A SEGUNDA QUENDA DE REUNIÓN DO PLAN DE ARTES ESCÉNICAS

Os pasados 22, 23, 27 e 29 de novembro celebráronse en Santiago de Compostela as segundas reunións de traballo previas á redacción definitiva do Plan Galego das Artes Escénicas, nas que participaron uns 60 profesionais do sector. Todos eles brindaron ao documento as súas achegas persoais ou en representación das distintas institucións ou entidades implicadas nos diferentes ámbitos de actuación e aplicación das artes escénicas en Galiza.

Nas reunións, que seguiron a organización temática marcada na primeira rolda de contactos celebrada en xuño (Mesa Socio-comunitaria, Mesa de Creación, Mesa de Industrias Culturais e Mesa de Distribución e Promoción), estiveron voceiros das principais asociacións profesionais do teatro e a danza en Galiza, a Federación Galega de Teatro Afeccionado, fundacións dependentes das entidades financeiras, a Compañía de Radio Televisión de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias, servizos de extensión cultural das tres universidades galegas ou distintos departamentos das Consellarías de Economía e Industria, ade-

mais de Cultura, entre outros colectivos. Tamén foron convidadas a participar asociacións do sector que operan en todo o territorio estatal.

Nesta ocasión debateuse o segundo borrador do Plan, no que xa se incluíron as cantidades económicas previstas como inversión en cada un dos cinco eixos de incidencia (Dimensión sociocultural, Fomento da creación, Promoción da industria escénica, Consolidación do mercado e Promoción exterior), contías que en cómputo total superan os 66 millóns de euros para o quadrienio 2008-2011.

A partir de agora o Plan Galego das Artes Escénicas entra na recta final da súa elaboración até a súa presentación pública no marco dunhas xornadas específicas que se organizarán este inverno en Santiago.

PROFESIONAIS DO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL RECIBEN NOCIÓNS DE NEGOCIACIÓN BANCARIA

Preto dunha vintena de profesionais do sector escénico e musical galego participan os días 10 e 13 de decembro no seminario *A negociación bancaria*, que imparte o profesor e economista Fernando M. Valdueza. Cun total de 8 horas lectivas, o seminario complementa

as nocións abordadas no anterior curso sobre produtos financeiros e financiamento na Peme, e ten como obxectivo proporcionar habilidades ao empresario e/ou xestor para enfrontar as súas demandas diante dos interlocutores das entidades financeiras.

Entre os contidos que abrangue esta nova actividade formativa están a diagnose da xestión bancaria da empresa, as pautas para o establecemento dunha política de relación coas entidades bancarias, o balance e a conta de resultados Banco-Empresa, o control das relacións Banco-Empresa e as tendencias actuais nas relacións Banco-Empresa.

O curso, que se desenvolverá na aula do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica) en San Lázaro, Santiago, de 16:30 a 20:30 horas, pecha o ciclo formativo para 2007 ofrecido polo IGAEM aos profesionais do seu ámbito de actuación, en colaboración co IGAPE e o BIC Galicia, no que tamén se vén de celebrar un seminario sobre planificación empresarial.

O CDG COLABORA NA SEGUNDA EDICIÓN DO PREMIO DE TEATRO RADIOFÓNICO

O Centro Dramático Galego colabora na organización da segunda edición do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, que convoca a Radio Galega coa pretensión de promover a creación actual dun corpus dramático no formato de teatro radiofónico. A participación concreta da compañía pública na convocatoria consiste na dramatización lida das obras galardoadas, mediante a coordinación do equipo artístico que a leve a cabo.

O premio, que conta co patrocinio da Consellaría de Cultura e Deporte, non ten por finalidade recuperar as fórmulas convencionais do radio teatro, senón estimular a creación de pezas dramáticas contemporá-



neas. Trátase de experimentar, de explorar, de facilitar unha plataforma de creación aberta ás novas linguaxes artísticas na radio.

Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e en guiño de formato radiofónico. A súa temática é libre, estarán calculados para que a duración en antena sexa de quince a vinte minutos e terán un reparto de cinco personaxes como máximo. O prazo de presentación de orixinais remata o 4 de xaneiro de 2008.

As obras seleccionadas polo xurado emitiránse na Radio Galega e editarase un libro-cd cos textos finalistas. Outórganse dous premios, do xurado e da audiencia, dotados cada un deles con 3.000 euros.

O Centro Dramático xa participou na primeira edición deste premio, na que resultara gañadora a obra *O Bambán*, escrita por David Rodríguez; na que recaeu tanto o premio do xurado como o da audiencia.

«NOITE DE REIS», PREMIO DO PÚBLICO NO FIOT DE CARBALLO

A última produción do CDG, *Noite de reis*. Ou o que queira-des, vén de ser recoñecida co Premio do Público do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) de Carballo, galardón que reflicte a gran acollida que o espectáculo dirixido por Quico Cadaval está a obter durante a súa xira por diferentes escenarios de Galiza.

Noite de reis acadou unha puntuación de 4,65 sobre 5 nas votacións realizadas polos espectadores asistentes a todos os espectáculos de sala programados no FIOT, onde Cadaval recibiu tamén o Xograr de Outono 2007.

As funcións desta montaxe –que xa se representou en Compostela, Ourense, Carballo, O Barco, Ferrol, Vilagarcía e Tui– continúan en decembro (Vigo, días 4 e 5; Ribadeo, 14 e 15; Lugo, 17; e Pontevedra, 20 e 21) e xaneiro (A Coruña, do 10 ao 13; e Narón, do 16 ao 19).

O SALÓN TEATRO PECHA 2007 COA MOSTRA DE TEATRO INFANTIL DE NADAL

O Salón Teatro de Santiago de Compostela pecha o ano 2007 coa realización, do 26 ao 30 de decembro, da Mostra de Teatro Infantil de Nadal, na que cinco compañías (Pistacatro, A Priori Producciones, Musical Teatral, Galitoo e Sapristi) ofrecerán os seus últimos espectáculos para conformar unha programación especialmente dirixida ao público infantil e xuvenil.

O ciclo comeza o día 26 co espectáculo de novo circo *Kamikaze*, coprodución do CDG con Pistacatro. Trátase dunha proposta cómica dirixida a todos os públicos, na que están presentes teatro, ilusionismo, música en directo e números de acrobacia e malabarismo. O día 27 actuará a compañía procedente de Guadalajara A priori Producciones, que traerá a obra *Casi Romeo y Julieta*, na que uns pallasos se enfrontan á representación da máis famosa traxedia de Shakespeare. O venres 28 o teatro para bebés chega á Mostra da ma da compañía portuguesa Musical Teatral, que porá en escena *Andakibebé*, un espectáculo recomendado para familias con bebés no que se

presentan situacións escénicas de gran colorido e animadas con imaxes de vídeo.

Os dous últimos días da mostra serán ocupados por senllas propostas de teatro galego. Así, o sábado 26, Galitoo escenificará *Golulá*, título que fai referencia a un país no que só existe unha nube, gardada polo gorila Bunkaa, tan grande de tamaño como de corazón. O ciclo será pechado o domingo 30 por Sapristi e o seu espectáculo *Ao son das cousas*, que interpretan Patricia Vázquez e Nuria Sanz como escoitadoras e recolectoras de sons diversos: os boceiros, o croar das ras, o ladrido dun can, o repenico dunha gota ou o tictac dun reloxo.

O Salón Teatro pecha así o seu programa de representacións de 2007, no que ademais das temporadas de exhibición de tres producións do Centro Dramático Galego (*Tará Chis Pum!*, *A piragua* e *Noite de Reis*), prestou o seu escenario a máis dun cento funcións de teatro, danza, cine e música.



PRINCIPIAN OS ENSAIOS PARA O ESPECTÁCULO «KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS»

O luns 3 de decembro principia-ron na sede do Centro Coreográfico os ensaios da produción *Kiosco das almas perdidas*, baixo a dirección do coreógrafo catalán Roberto Oliván. O espectáculo, que se estreará o próximo 29 de febreiro de 2008 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e realizará unha xira de 5 por espazos galegos e de fóra de Galiza, é a produción central da temporada 2007-2008 do CCG, para a que se conta cun plantel de doce bailaríns, un espazo sonoro especialmente deseñado por Mercedes Peón e unha iluminación proxectada por Baltasar Patiño.

Alexis Fernández Ferrera, Hannah Shakti Buhler, Gabriela Mathé, Kirenía Martínez Acosta,

Nuria Sotelo Rodríguez, Ana Beatriz Pérez Enríquez, Lenka Bartunkova, Álvaro Esteban López, Jordi Vilaseca Lorite, Anna Calsina Forrellad, Natxo Montero Matia e Henrique Peón, compoñentes do corpo de baile de *Kiosco das almas perdidas*, iniciaron os traballos de interpretación sobre a proposta de Oliván, quen a súa vez se enfronta a esta produción despois dunha longa estadia en Bruxelas, onde desenvolve a súa actividade artística xunto a mestres da danza contemporánea como Anne Teresa de Keersmaecker, Josse de Pauw, Trisha Brown ou Robert Wilson.

O espectáculo, que estará coproducido con Laboral Escena, de Xixón, parte da reflexión do coreógrafo sobre a vida e a capacidade de resposta ante ela, o que é, a xuízo de Oliván, o camiño á liberdade. O traballo




Mercedes Peón e Roberto Oliván

coreográfico convivirá con diferentes disciplinas artísticas e confluirá co labor doutros profesionais galegos, como Ruth D. Pereira, a cargo do vestiario; ou O Mago Antón, como asesor de maxia.

O CCG PROGRAMA UNHA CLASE MAXISTRAL A CARGO DE PAULO RIBEIRO

O bailarín e coreógrafo portugués Paulo Ribeiro ofrecerá o próximo 22 de decembro na Sala Galán Santiago unha clase maxistral para profesionais da danza, promovida polo Centro Coreográfico Galego como parte do seu programa de formación para este ano.

Paulo Ribeiro levará a cabo unha sesión pedagóxica que abranguerá técnica e composición coreográfica, aproveitando a súa estadia en Compostela



Paulo Ribeiro

pola actuación nos días previos da súa compañía no Salón Teatro para representar a montaxe *Malgré nous, nous étions là*, os días 20 e 21.

Natural de Lisboa, Paulo Ribeiro fixo carreira como bailarín en varias compañías de Bélxica e Francia. A súa estrea como coreógrafo foi en 1984 en París, coa compañía Strindane, da que foi cofundador. No ano 1988 crea para a Compañía de Danza de Lisboa e para o Ballet Gulbenkian. A partir de 1991 creou obras para Nederlands Dans Theater II, Nederlands Theater III, Grand Théâtre de Genève, Centre Choréographique de Nevers, Bourgogne e Ballet Gulbenkian. En 1995 funda a Compañía Paulo Ribeiro. Coa obra *Rumor de deuses* gañou en 1996 os premios Circulação Nacional e Circulação Internacional, ambos do concurso Mudanças 96. Outras distincións que recibiu son o Prix d'Auteur, New Coreography Award, Prix d'Interprétation Collective, Premio Bordalo da Casa da Imprensa e Premio Almada. Foi director do Ballet Gulbenkian de 2003 a 2005. Desde 2006 compatibiliza a actividade na súa propia compañía coas funcións de director xeral e artístico do Teatro Viriato, en Viseu (Portugal).

A inscrición na clase maxistral, para a que están dispoñibles 20 prazas, é gratuíta e haberá que formalizala no CCG até o 14 de decembro.

A ORQUESTRA DE ALUMNOS DA EAEM INTERPRETA A MOZART, GOUNOD E BEETHOVEN BAIXO A DIRECCIÓN DE JORDI MORA

A Orquestra de Alumnos da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) ofrecerá este mes de decembro dous concertos públicos baixo a dirección do mestre catalán Jordi Mora, nos que interpretará obras de Mozart, Gounod e Beethoven. O primeiro dos recitais será o día 13 no Auditorio de Bertamiráns (Ames), en tanto que o segundo terá lugar o venres 14 no Auditorio da EAEM, en Santiago.


En ambas citas, que serán ás 20:30 horas, os alumnos executarán un programa que inclúe a Abertura *O empresario* (K486), de W.A. Mozart; a *Petite Symphonie* para instrumentos de vento, de C. Gounod; e a *Sinfonía n.º 1* en do maior, op. 21 de L.V. Beethoven.

Os dous concertos son resultado do encontro didáctico mantido nos días anteriores –e por segundo ano consecutivo– co profesor Mora, como parte do programa formativo da Sección de Especialización da EAEM.

Jordi Mora Griso formouse en Barcelona, Alemaña (no Hochschule für Musik de Würzburg) como oboísta e foi bolseiro polo Estado de Baviera, onde se licenciou en Musicoloxía e Filosofía na Universidad de

Múnic cunha tese sobre a instrumentación na obra sinfónica de Beethoven. Estuda Dirección Orquestral e Fenomenoloxía da Música co célebre Sergiu Celibidache, e ten participado en numerosas clases maxistras e cursos de dirección na Universidade de Mainz, en Múnic coa Münchner Philharmoniker, Trier, Londres, Stuttgart e París. Foi director titular da Münchner Camerata, da Orquesta Sinfónica del Vallés e da Orquesta Nacional de Grecia. Como director convidado dirixiu en Alemaña, España, Francia, Italia, Rusia, Rumania, Grecia, EE.UU. e Sudamérica. Actualmente é director titular de l'Orquesta Sinfónica Segle XXI (Cataluña) e da Bruckner Akademie Orchester (Múnic), orquestra coa que está a realizar a integral da obra sinfónica deste compositor.

novidades
editoriais



Turandot vol. I e vol. II

Carlo Gozzi

Texto crítico italiano, tradución galega, introdución e notas de Javier Gutiérrez Carou

Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística / Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor. Nº 51/52. Serie Branca. ISBN: 978 – 84-9749-264-5 (Vol I) / 978 – 84-9749-265-2 (Vol II) PVP: 17 (Vol I) / 20 euros (Vol II)

Froito do cruzamento entre un conto persa e a *commedia dell'arte* nace *Turandot*, o cuarto dos “contos teatrais” de Carlo Gozzi, quen constrúe un relato dramaturxico en que a solemnidade traxica da corte chinesa se alterna cos aspectos populares e humorísticos dos personaxes da *commedia dell'arte*.

Con esta primeira tradución ao galego dunha obra de Gozzi, Javier Gutiérrez Carou achega á nosa cultura un texto imprescindible para comprender as dificultades de expansión das ideas da Ilustración e, xa que logo, para entender plenamente que significou o século XVIII para a cultura occidental.




Das funcións sociais e dos novos espazos profesionais para as artes escénicas en Galicia

Héctor Pose (coord.), José A. Caride, Rita Gradañlle, Manuel F. Vieites

ISBN: en tramitación. Edición electrónica (www.igaem.xunta.es)

Traballo de investigación que pretende explorar e poñer de manifesto as múltiples virtualidades que posúen as artes escénicas en eidos diversos, fundamentalmente naqueles que se vinculan ás persoas e ás comunidades, prestando especial atención a aqueles ámbitos susceptibles de aproveitamento das potencialidades e funcionalidades sociais que se derivan das artes escénicas: o terapéutico, a educación-formación, a acción e a intervención social, o lecer e a recreación e, por último, a información e a comunicación.



Poética

Aristóteles

Texto crítico grego, tradución galega, introdución e notas de Fernando González Muñoz

Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística / Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor. Nº 50. Serie Gris. ISBN: 978 – 84-9749-266-9. PVP: 17 euros

Revisión das ideas aristotélicas sobre as claves da composición literaria, os efectos da obra de arte na sensibilidade estética do receptor ou a discusión da corrección política ou relixiosa como criterio de avaliación da obra poética.

Esta publicación supón unha nova edición, revisada e acrecentada, da primeira aparecida en 1999 (nº 5, serie branca).

01 SÁBADO	Sapristi <i>Ó son das cousas</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL Máscara Producións <i>Asalto de cama</i> Sanxenxo 21.30 h PAZO EMILIA PARDO BAZÁN	Compañía Marta Carrasco <i>J'arrive</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL Cía Mar Gómez <i>Dios menguante</i> Ourense 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Carlos Borsani y El Gad <i>Los desastres del dinero</i> Vilalba 20.30 h AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ EGUIAGAY Pisando Ovos <i>No intre 1800</i> A Coruña 20.30 h TEATRO DEL ANDAMIO	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Cangas 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL Teatro do Atlántico <i>A bombilla máxica</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	01 SÁBADO Ancora Producións <i>Medidas preventivas</i> 20.30 h
02 DOMINGO	Teatro do Atlántico <i>A bombilla máxica</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Fulano, Mengano e Citanó <i>Arte</i> Betanzos 20.30 h AULA MUNICIPAL DE CULTURA	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Pisando Ovos <i>No intre 1800</i> A Coruña 20.30 h TEATRO DEL ANDAMIO	02 DOMINGO Ancora Producións <i>Medidas preventivas</i> 18.00 h
04 MARTES	Sapristi <i>Ó son das cousas</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	 Teatro do Atlántico			04 MARTES
05 MÉRCORES				CDG Noite de Reis <i>ou o que queirades</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA CDG Noite de Reis <i>ou o que queirades</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	05 MÉRCORES
06 XOVES	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> A Coruña 17.30 h FORUM METROPOLITANO				06 XOVES
07 VENRES	Sapristi <i>Unha merenda de Alicia</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Viravolta Títeres <i>Historia dun soldado</i> Vilagarcía 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Intermission Dúo de Percusión <i>En-trance</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Foz 21.00 h SALA BAHÍA	Nove Dous <i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i> Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE
